# SANTO ESTEVO DO ERMO



Adela Leiro, Mon Daporta

**Distancia**: Circular desde Barreiros: 7 km
**Dificultade**: baixa
**Duración**: 3 horas



O rego de Santo Estevo é un afluente do Masma que nace nos montes da Ínsua e ten un curso con moito desnivel con varios saltos e rápidos en lousas. O máis interesante atópase preto da capela de Santo Estevo e cae de 10 m de altura, nun entorno natural de gran riqueza biolóxica.
Preto da capela hai unha fonte de augas férricas e na parte alta da fervenza a Fonte de Santa Rosa onde é costume facer ritos de curación e deixar os panos pendurados das árbores.

**COMO CHEGAR**

Desde San Cosme de Barreiros cóllese a estrada que vai á Ínsua e á a capela de Santo Estevo do Ermo. Desde alí remóntase o curso do río polo séndeiro indicado. Unha ruta acondicionada permite visitar a parte baixa e alta da fervenza.
Pódese facer unha ruta circular de 7 km partindo do Concello de Barreiros, pola Ínsua ata a capela de Santo Estevo e volver por Eiras.